

# IDEAS PARA HOMILÍA

## 25 ABRIL 2021

### **Xesús, Bo Pastor para todo o mundo**

#### **1. VER: Os pastores**

- Os pastores non o están pasando moi ben neste tempo de pandemia de restaurantes pechados e vendas escasas. Os pastores buscan os mellores pastos, procúranlles auga abundante, cóidanos nas enfermidades e deféndenos dos lobos. No tempo de Xesús había moitos pastores e seguindo a tradición da biblia atribúese para si o nome de pastor.

*Que fan os pastores? É Xesús un bo pastor e porqué?*

#### **2. XULGAR: Xesús, bo pastor para todo o mundo**

- Xesús fálalles do que é el: *“eu son o bo pastor... DOU A VIDA polas miñas ovellas... Eu coñézoas e elas coñécenme...”*.

#### **QUE NOS QUERE DICIR?**

- **Hai bos e malos pastores:** os malos non se preocupan do rabaño, se se perde algunha ovella ou as ataca o lobo, foxe.
- **Xesús é dos pastores bos:** dá a vida por nós na cruz, asegúranos Vida, con maiúscula, nos sacramentos e tras esta vida.

- Xesús vai diante do rabaño e marca tanto o camiño como o ritmo. Nós poñémonos tras os seus pasos, fiámonos das súas decisións e seguimos o ritmo do evanxeo. El nos “desenreda” de perder o centro, o sentido, o rumbo da nosa existencia.
- **A Xesús preocúpanlle ademais todas as ovellas** do mundo (o mundo en Fano ten forma de ovella, de tenrura e de corazón. A El preocúpanlle as que sofren “descarte” e nós debemos sentir a dor que sofren os nosos irmáns do mundo superando o egoísmo e a pasividade ante tantos necesitados.
- **E temos un recordo hoxe para tantos pastores sacerdotes**, que tratan de levar os seus fieis ao divino Pastor e rezamos por eles.

*É Xesús o teu pastor? Axúdalo nos irmáns de todo o mundo?*

### **3. ACTUAR: O Señor é o meu pastor**

- Deixa que o Bo Pastor che “desenrede” de tanto que nos ata: o pecado, o egoísmo e a pasividade ante os males de tantas persoas.
- Rézalle o Salmo 22: “O Señor é o meu pastor, nada me falta”. Axúdao a facer do mundo un corazón botando unha man ao que te necesite.
- Reza polos pastores sacerdotes, polas vocacións, por todos os que nos colexios e na vida nos coidan, dan a vida e o seu esforzo xeneroso.

*Que imos facer?*

# LECTURAS

## **FEITOS 4, 8-12:** *Non hai salvación en ningún outro.*

Naqueles días, cheo de Espírito Santo, Pedro díxolles: «Xefes do pobo e anciáns:

Porque lle fixemos un favor a un enfermo, interrogádesnos hoxe para pescudar que poder curou a ese home; quede ben claro a todos vós e a todo Israel que foi o Nome de Xesucristo o Nazareno, a quen vós crucificastes e a quen Deus resucitou de entre os mortos; por este Nome, preséntase este san ante vós.

.

El é “a pedra que rexeitastes vós, os arquitectos, e que se converteu en pedra angular”; non hai salvación en ningún outro, pois baixo o ceo non se deu aos homes outro nome polo que debamos salvarnos».

*Palabra do Señor.*

## **SALMO 117:**

*A pedra que rexeitaron os arquitectos é agora a pedra angular.*

## **I XOÁN 2,1-5:**

*El á vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro.*

**XOÁN 10, 11-18:** *O bo pastor dá a súa vida polas ovellas.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús:

**Xesús -«Eu son o Bo Pastor. O bo pastor dá a súa vida polas ovellas; o asalariado, que non é pastor nin dono das ovellas, ve vir o lobo, abandona as ovellas e foxe; e o lobo róubaas e dispérsaa; e é que a un asalariado non lle importan as ovellas.**

*Eu son o Bo Pastor, que coñezo ás miñas, e as miñas coñécenme, igual que o Pai me coñece, e eu coñezo o Pai; **eu dou a miña vida** polas ovellas.*

*Teño, ademais, outras **ovellas que non son deste curro;** tamén a esas as teño que traer, e escoitarán a miña voz, e haberá un só rabaño e un só Pastor.*

*Por isto ámame o Pai, porque eu entrego a miña vida para poder recuperala. Ninguén ma quita, senón que eu entrégoa libremente.*

*Teño poder para entregala e teño poder para recuperala: este mandato recibín do meu Pai».*

*Palabra do Señor.*

*(Narrador - Xesús)*